

O Goberno local amplía o servizo de limpeza das praias do período estival a todo o ano

Páxina 5



Concello de  Oleiros

O Concello contrata a conservación de máis de 120.000 m² de novas zonas verdes

Páxina 7

Vivir en Oleiros

Número 30
Maio 2009
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

A pegada sonora imposta polo Ministerio de Fomento prohibe a construción en máis de 2,5 millóns de metros cadrados

■ O Goberno municipal, dentro da súa política de transparencia e compromiso coa cidadanía, achega a todos os veciños de Oleiros unha copia da documentación do novo Plan xeral. Este CD permitirá a cada veciño facer un seguimento do desenvolvemento urbanístico do municipio e controlar que no futuro se cumpran os parámetros fixados polo Goberno local, que aposta por un urbanismo con amplos espazos residenciais, polo respecto medioambiental e por unhas infraestruturas e servizos de alta calidade.



Oleiros, un dos municipios da comarca onde menos impostos se paga polo coche

Páxina 15

O Goberno local combate o paro desde o Centro Municipal de Formación

Páxina 17

As bibliotecas municipais reciben o galardón dos libeiros galegos ao fomento da lectura

Páxina 18

APROBADO DEFINITIVAMENTE O TERCEIRO PLAN XERAL

■ O documento prohibe construír nunha parte do territorio que está afectada pola pegada sonora que o Ministerio de Fomento prevé para unha «futura» ampliación do aeroporto de Alvedro

Páxinas 12 e 13

■ A Xunta pretende eliminar doce núcleos urbanos históricos alegando a carencia de servizos existentes. O Concello xa presentou as alegacións pertinentes ante a Consellería de Política Territorial

Como saber onde está todo en **Oleiros**

AXENDA
Páxina 23

O ORZAMENTO DO 2009 RECOLLE IMPORTANTES OBRAS PARA O CONCELLO ▼

■ O orzamento municipal para o ano 2009, que se aprobou no Pleno do pasado 6 de febreiro, recolle no seu capítulo de investimentos un total de 4.227.250 euros destinados a mellorar as infraestruturas do municipio. Esta partida súmase aos 6 millóns de euros do Fondo de Investimento Local co que tamén se desenvolverán importantes proxectos como a construción dun novo

complexo deportivo no norte do municipio ou a mellora do casco vello de Perillo. En total, máis de 10 millóns de euros que ao longo do presente ano permitirán ao Goberno local mellorar a calidade de vida dos oleirenses. Os investimentos máis destacados dentro do orzamento deste ano son os seguintes:

EDIFICIOS PÚBLICOS ▼

- Eliminación de barreiras no acceso ao salón de plenos e á sala de exposicións da Casa Charry
- Eliminación de barreiras no acceso ao ximnasio da Casa do Pobo de Lorbé
- Ampliación da Biblioteca Ánxel Fole de Nós
- Reparación do local do Corgo (Dexo)
- Pintado dos edificios de Rialeda e da Fábrica.
- Pintado interior da Casa do Pobo de Nós e da Casa do Pobo de Dexo
- Adquisición da caseta de promoción turística para Santa Cristina



ILUMINACIÓN ▼

- Redacción dun plan de aforro enerxético
- Substitución de luminarias (globos) por outras de maior eficiencia e menor contaminación
- Reposición de postes, puntos de luz e cadros eléctricos

ESPAZOS PÚBLICOS ▼

- Mantemento do mobiliario urbano e marqueseñas
- Renovación dos parterres da rúa Darwin
- Recuperación da torre de Bescansa
- Redacción do proxecto da senda costeira entre Beiramar e O Graxal



MANTEMENTOS ▼

- Mellora de parques e reposición de árbores
- Conservación de sendeiros de madeira
- Reposición de farois

AUGA E SANEAMENTO ▼

- Sistema de redosificación e medición de cloro
- Peche das parcelas dos depósitos de Lorbé, Montrove e Sarro
- Reposición da tubaxe da rúa O Pedregal (Nós)
- Reposición da tubaxe de auga en tramos das rúas Manuel Murguía e Avelino Cachafeiro (Nós)
- Recuperación de fontes e ríos de lavar

OBRAS DEPORTIVAS ▼

- Reposición do peche da pista de tenis de Bastiagueiro
- Construción de dous vestiarios complementarios no campo de fútbol de Condús
- Mellora do pavillón da Rabadeira

SEGURIDADE VIARIA ▼

- Sinalización viaria en diversos lugares
- Elementos diversos redutores de velocidade
- Beirarrúas na avda. Valle Inclán 2ª fase
- Beirarrúa en Salvador Allende, tramo entre As Pitas e As Grobias
- Beirarrúa en Manuel Murguía, Pilar Estévez e A Seara
- Beiravía na rúa Maside (Xunta)
- Beirarrúa Salvador de Madariaga
- Beirarrúa en Muíño do Vento a Coruxo na avda. Casares Quiroga
- Beirarrúa do Seixal ao Río da Veiga
- Sinalización comercial do polígono de Iñás
- Apertura dun novo tramo da rúa As Pedreiras en Xoez - Serantes




PAVIMENTACIÓN DE RÚAS ▼

- Rúa O Real - Lourido Pequeno (Dorneda)
- Rúa da Portela (Dorneda)
- Rúa A Chave (Dorneda)
- Rúa O Castelo (Oleiros)
- Rúa A Cruz (Oleiros)
- Rúa Fonte de Álvaro (Oleiros)
- Rúa O Sucado (Oleiros)

- Rúa Francisco Añón Paz (Nós)
- Rúa León Felipe (Nós)
- Rúa O Pedregal (Nós)
- Rúa A Gándara (Serantes)
- Rúa Celso Emilio Ferreiro - tramo urbano (Serantes)
- Rúa Fieiteira (Serantes)
- Rúa Espiñeiro (Serantes)
- Rúa do Enxido (Liás)
- Rúa da Ribeira (Perillo)
- Rúa da Marola (Dexo)
- Rúa Castromén tramo urbano (Dexo)
- Tramo da avda. Tierno Galván no Regacho (Maianca)
- Rúa A Proba (Dorneda)
- Rúa Molina (Iñás)
- Rúas Xardín de Nós

OBRAS QUE SE LEVARÁN A CABO DENTRO DO FONDO DE INVESTIMENTO LOCAL POR VALOR DE 5,6 MILLÓNS DE EUROS ▼

- Construción dunha piscina e dun ximnasio en Dorneda
- Melloras da iluminación pública na zona de Xoez
- Construción dunha cuberta na pista polideportiva de Meixón Frío, en Sta. Cruz
- Dotación dunha nova cuberta da pista polideportiva de Canide
- Adaptación á normativa europea e mellora dos parques infantís do municipio e dotación de xogos e mobiliario urbano
- Mellora de diversos espazos verdes
- Recuperación ambiental do parque Metropolitano
- Melloras na Casa do Pobo de Dorneda
- Melloras na Casa da Silva
- Ordenación do aparcamento de Bastiagueiro
- Construción dunha pista de Skate en Bastiagueiro
- Mellora da rede de abastecemento e saneamento de augas:
 1. Reutilización do bombeo de Rialta
 2. Unión dos depósitos de Edreira



A CASA DE AGRAMAR PORASE A DISPOSICIÓN DOS VECIÑOS PARA CELEBRAR FESTAS INFANTÍS

◆ O Concello vai pór a disposición dos veciños os baixos da casa de Agramar para celebrar festas infantís. A sala estará dedicada ao festexo de celebracións onomásticas e festas de aniversarios, unicamente en horario diúrno. Os veciños que o desexen poderán cubrir a súa solicitude na Casa do Concello. Un dos requisitos é que as persoas usuarias deben comprometerse a deixar as instalacións limpas e no mesmo estado que as recibiron. O servizo será totalmente gratuíto. Para este tipo de actividades o Goberno local está estudando a posibilidade de usar o semisoto da casa Echeverry, en cuxo edificio tamén se alberga a actividade da asociación de maiores Os Decanos.



PROTESTAS VECIÑAIS POLO REPINTADO DA SINALIZACIÓN HORIZONTAL REALIZADO POLA XUNTA



◆ Unha gran parte de veciños das parroquias de Liáns, Dorneda e Nós mostraron o seu malestar polos recentes pintados da sinalización horizontal realizadas pola Xefatura de Estradas da Xunta de Galicia. Esta nova sinalización, que segundo o criterio do Concello abusa das liñas continuas, impide o acceso a numerosas interseccións e zonas urbanas xa que prohibe o xiro, manobra que estaba sendo utilizada polos veciños ata o novo pintado. Este é o caso da rúa das Babilonias, no centro de Santa Cruz, da rúa Follas Novas na súa confluencia coa rúa Rosalía de Castro, no centro urbano de Montrove, na intersección de Arillo e na avenida Miguel Hernández, na parroquia de Nós. En case todos os casos obrígase aos residentes a realizar desprazamentos de máis de 2 quilómetros para conectar co destino desexado. Así mesmo, os pasos de peóns que estaban sinalizados nestes núcleos foron eliminados pola Xunta no repintado, co conseguinte risco para os centos de persoas que transitan a diario por estes pasos.

COMEZOU A CONSTRUCCIÓN DA NOVA PISCINA PARA O NORTE DO MUNICIPIO

◆ O Concello adjudicou a obra da nova piscina climatizada e o complexo deportivo que se vai edificar na zona norte do municipio á empresa "CONSTRUCCIONES LOPEZ CAO S.L.", ao ser a empresa que obtivo a puntuación máis alta no concurso que se realizou para a adjudicación da obra.

Ao concurso presentáronse sete empresas e a gañadora propón realizar a obra por un importe total de **2.316.000 euros**, cun prazo de execución de oito meses. Entre as melloras que oferta a adjudicataria, amplía a un total de tres anos o prazo de garantía da obra, dous por riba do esixido pola lei, mellora o acabado das fachadas con pedra, realiza a urbanización da parcela e acondiciona as salas de usos múltiples no soto da instalación, melloras de obra propostas polos arquitectos redactores do proxecto nun anexo sobre o que podían basear as melloras as empresas que se presentaban ao concurso.

En canto ao fomento do emprego, a empresa comprométese a dedicar a esta obra 16 empregados propios da empresa e a contratar das listaxes de desemprego un total de 17 persoas máis.

O CENTRO DE DÍA DAS GALERAS, EN MARCHA

◆ A Xunta solicitoulle ao Concello a licenza de construción para comezar a construír o novo centro de día que se vai edificar en Bastiagueiro, nunha parcela de titularidade municipal situada nun enclave privilexiado. Esta nova instalación contará con capacidade para albergar a 40 maiores en réxime de residencia e outros 40 como centro de día. Está previsto que este centro, que contará con 15 traballadores, comece a funcionar ao longo do primeiro trimestre do próximo ano. Deste xeito, este novo servizo para o municipio unirase ao que xa traballa no pazo de Arenaza.



CONTINÚA O PROGRAMA DE PAVIMENTACIÓNS

◆ De forma paralela ás obras que o Goberno local leva a cabo nas rúas incluídas no programa de asfaltados do 2009, o Concello continúa a traballar na pavimentación das rúas incluídas no orzamento de 2008. Nos próximos días o Concello asfaltará e mellorará a rúa Malvela, en Liáns, a rúa da Veiga, a rúa do Lameiro, a rúa da Xustiza e a rúa da Barcala, en Nós; a rúa Foro, en Oleiros e a rúa Fonte de Baixo e a rúa Penatouro, en Serantes. Estas obras teñen un importe de **216.594 euros**.



■ Rúa Alexandre Bóveda



■ Rúa O Bañil

O CONCELLO E A AUTORIDADE PORTUARIA CHEGAN A UN ACORDO PARA MELLORAR A AVENIDA CELSO EMILIO FERREIRO



◆ O Concello e a Autoridade Portuaria da Coruña acordaron que esta cederá a estrada que comunica Mera cos faros e que a entregará perfectamente pavimentada con aglomerado asfáltico. Este acordo xa fora asinado hai 5 anos sen que se chegase a realizar esa entrega, a pesar de que o Concello si realizou as obras previstas que nun principio se ían cofinanciar.

Está previsto que nas próximas semanas a Autoridade Portuaria realice as obras de pavimentación, ao tempo que executa obras de consolidación estrutural dos faros. Con este acordoponse fin a moitos anos de irracionalidade na xestión desta vía, que se atopa en moi mal estado e onde as obras de mantemento que se realizaron nos últimos anos veu sempre da man do Concello. Os veciños da zona, así como os visitantes dese punto panorámico, sufriron os avatares dunha estrada abandonada polo seu titular mentres reclamaban ao Concello que se solucionase ese problema. As xestións deron os seus froitos e a vía pasará a ser competencia municipal e con iso, simplificarase a súa conservación ao interferir unha administración menos na xestión.

NOVA SINALIZACIÓN VIARIA PARA O MUNICIPIO

◆ O Goberno local renova a sinalización viaria tanto horizontal, como vertical en diversos lugares do municipio. As sinalizacións viarias renovaranse na rúa Celso Emilio Ferreiro, na urbanización Os Regos, na rúa Pombal coa rúa Fuxeiras, na rúa Fonte Santa Leocadia, na rúa das Anguías, na rúa dos Niños, na rúa Nébeda; renovarase o pintado en diversas paradas

de autobús, na rúa Augarrío, na praza 10 de marzo, na rúa Arco da Vella, na rúa Uxío Novoneyra, na rúa as Avogadas, ordenarase o aparcamento na piscina de Oleiros, na avda. Ramón Núñez Montero, na avda. das Américas, na avda. Rosalía de Castro na intersección con Pombal, na rúa Darwin, na rúa da Nogueira, na avda. República Argentina, no mercado de Perillo, na praza

dos Areeiros, na rúa Eduardo Blanco Amor, na rúa Viravolta, na urbanización Icaria, na urbanización Arenaza, na urbanización As Torres e na rúa do Estaleiro. As obras son de moi diversa índole: pintura viaria, sinais, colocación de bandas rugosas, colocación de morróns etc. O obxectivo é contribuir a mellorar a seguridade na circulación e minimizar os riscos de accidentes.

O CONCELLO RECUPERA AS FONTES E OS LAVADOIROS TRADICIONAIS

◆ O Concello vai levar a cabo a recuperación de fontes e lavadoiros por un importe de 76.171,75 euros, vaise proceder aos traballos de recuperación e mellora de diversas fontes e ríos de lavar. Os ríos afectados son os da Gándara, Vilanova e O Batán, en Nós; O Regueiro, en Aba; O Espiño e Lóngora, en Liáns; e o río de Broño e o río do Couto, en Dorneda.



■ Lavadoiro do Carballo



■ Lavadoiro do Espiño



■ Lavadoiro de Broño

O CONCELLO MANTERÁ AS PRAIAS DURANTE TODO O ANO ▼



◆ O Concello de Oleiros acordou prestar servizo de mantemento e limpeza nas praias do municipio durante todo o ano. Ata a data as praias de Oleiros só se limpaban no período estival, entre xuño e setembro. Esta limpeza levábase a cabo a través de contratas con empresas. O Concello é consciente de que a limpeza debe estenderse ao resto do ano debido ao uso masivo que rexistran algúns areais como a praia de Bastiaqueiro, que acolle diariamente a centos de deportistas. Outras praias, por exemplo as de Santa Cruz, Santa Cristina e Mera contan con grande afluencia de público nas súas inmediacións ao estar situadas nos centros urbanos destas localidades e contar todas elas

con paseos marítimos.

A limpeza nos meses de inverno realizarase cunha periodicidade quincenal. De forma que o mantemento coincida coas mareas máis altas de cada fase lunar, que son os ciclos nos que o océano arroxa unha maior cantidade de refugallos aos areais.

O custo previsto para este ano ascende aos 135.958 euros, dos que 85.000 destinaranse á limpeza diaria durante o período estival, 7.000 ao acondicionamento dos areais a través de medios mecánicos, servizo que se realizará ao longo do mes de maio e 43.958 para o mantemento quincenal que se realiza o resto do ano.

O GOBERNO LOCAL CONTRATA OS TRABALLOS DE ROZA DE MALEZA NA BEIRA DAS RÚAS E DOS CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL

◆ O Concello de Oleiros contrata os traballos para cortar a maleza na beira das rúas e nos camiños de carácter municipal por un importe de 64.687 euros. Os traballos consistirán na limpeza dos noiros nunha extensión

estimada de 241.800 metros lineais. O número estimado de estradas e camiños veciñais que se limparán é de 197, a maioría situados nas parroquias máis rurais do municipio. Estes traballos de roza realizaranse principalmente

nos meses de maio e outubro. O obxectivo desta iniciativa municipal é ter os camiños limpos e transitables e deste modo evitar riscos de incendios nas proximidades das zonas urbanizadas.



SE TES CAN, TES OBRIGAS

▶ Non esquezas a bolsa e a correa na casa

É POLO BEN DE TODOS.
RESPECTA AS NORMAS

INAUGUROUSE A NOVA BIBLIOTECA DE DORNEDA, SITUADA NA ANTIGA ESCOLA INFANTIL DE RIALTA ▼



■ Unha das catro salas da nova biblioteca de Dorneda

◆ Esta nova biblioteca substitúe a existente na Casa do Pobo de Dorneda, que quedou pequena para a cantidade de persoas usuarias que hai nesta parroquia. Co traslado do ensino preescolar de Rialta á nova escola de primaria do Colexio Luís Seoane, en Canide, as instalacións quedaron sen un uso específico. Deste modo, o Goberno local decidiu situar neste edificio a biblioteca. O novo centro dispón de tres aulas de lectura e unha sala de usos múltiples para contacontos


e actividades de dinamización. As obras de adaptación da escola para biblioteca tiveron un custo total de 117.786 euros. As obras consistiron na instalación da rede informática e a reforma de estancias, pavimentos, aseos e calefacción. Para permitir unha maior integración da biblioteca no parque Nicolás Redondo retirouse parcialmente o peche da parcela. Esta nova biblioteca leva o nome da mestra M^a José Ruso, quen foi profesora durante moitos anos na zona norte do municipio.

A RABADEIRA CONTARÁ CUN NOVO CONTORNO AXARDINADO E CUN APARCADOIRO ►

◆ O Goberno local leva a cabo importantes melloras no CEIP A Rabadeira, na parroquia de Oleiros. Os traballos inclúen a mellora no recinto do colexio. Deste modo, o Concello completa as obras que, coma no caso da escola de primaria de Canide, a Consellería deixou inacabadas. Estes traballos consisten na habilitación dunha zona separada da escola por un peche metálico para situar un aparcadoiro que dará servizo ao centro educativo e ao centro de saúde que se está a edificar na zona. Ademais mellorarase a zona verde anexa á unidade de primaria. Colocaranse varandas protectoras para evitar a caída dos nenos na zona onde hai desniveis. O orzamento dos traballos é de **63.389 euros**.



O CONCELLO URBANIZA AS PARCELAS PARA EMPRESARIOS ◀ LOCAIS EN IÑÁS



◆ Este solo industrial de titularidade municipal será dedicado prioritariamente á instalación de empresas oleirenses, que neste momento estean situadas en distintos núcleos urbanos e que se encontren fóra da ordenación, ou cuxa actividade, por ser molesta, poida estar abocada á súa clausura, ao incumprir as normativas urbanísticas e medioambientais. Durante os traballos vanse ordenar as vías de acceso e dotarase de infraestruturas estas instalacións. Deste modo, habilitaranse 17 pequenas parcelas para naves que o Concello vai sacar a poxa para pequenos empresarios e favorecer o desenvolvemento dun viveiro de empresas locais.

A iniciativa permite que os empresarios e as empresarias conten coa oportunidade de dinamizar os seus negocios cunha nova situación estratéxica e cunhas novas instalacións que lles permitan medrar. O custo será reducido.

O GOBERNO LOCAL CONTRATA O MANTEMENTO DE 120.000 METROS CADRADOS DE NOVOS ESPAZOS VERDES

◆ O Concello saca a concurso a conservación destes 120.000 metros cadrados de zonas verdes que ata o momento estaban sendo mantidas por comunidades veciñais, pola área de Servizos do Concello ou por entidades urbanísticas, que unha vez rematado o prazo regulamentario de garantía ceden ao Concello o seu mantemento. A partida destinada polo Concello para este contrato supera os 200.000 euros e comprende as seguintes zonas:

- Zona verde da Casa do Pobo de Mera e Auditorio Gabriel García Márquez
- Complexo axardinado do Parque da Barreira
- Complexo axardinado do Polígono de Iñás
- Complexo axardinado da Praza da Baía
- Complexo axardinado da Urbanización As Pardelas
- Complexo axardinado da Urbanización Canide I
- Complexo axardinado da Urbanización Canide II
- Complexo axardinado da Urbanización Icaria I
- Complexo axardinado da Urbanización Icaria II
- Complexo axardinado da Urbanización Icaria III
- Complexo axardinado da Urbanización Mesón da Auga
- Parque do Castro da Groba
- Parque do Faro de Perillo e rúa Miradoiro
- Parque, Miradoiro Costeiro e Rotonda de Nirvana
- Parque da rúa Cubelos



- Xardíns da Piscina Municipal de Oleiros
- Xardíns da Piscina Municipal de Perillo
- Xardíns do Pazo de Arenaza

ADEMAIS AMPLÍANSE CON OUTROS 28.700 METROS CADRADOS OS CONTRATOS EN VIGOR DE CONSERVACIÓN DE PARQUES

◆ Así mesmo, o Concello amplía o contrato das empresas que neste momento están realizando o mantemento doutros espazos verdes do municipio. Este é o caso da empresa ORTO, que ten adxudicados neste momento 206.000 metros cadrados e que se encargará da conservación de 15.000 metros cadrados máis. O investimento municipal ascende neste caso a 24.000 euros. A empresa CESPÁ JARDINES, que neste momento se encarga da conservación de 174.000 metros cadrados de parques, pasará a encargarse doutros 13.700 metros cadrados que suporán un gasto de case 22.000 euros. A distribución dos espazos dos que se van facer cargo as empresas é a seguinte:

ZONAS AMPLIADAS NO CONTRATO CON ORTO

- Xardíns da Finca Bescansa
- Xardíns da Finca Echeverry
- Paseo Marítimo de Perillo
- Zona verde do acceso á caleta de Bastiagueiro
- Campo da Festa de Maianca
- Zona verde da Casa do Pobo de Dexo
- Zona verde da Casa do Pobo de Lorbé
- Complexo axardinado da Praza do Muíño
- Contorno da Fábrica
- Parque da Urbanización Buccino
- Parque da rúa Xulio Dans
- Xardíns do Portiño de Dexo
- Xardíns da Praza do Inglés
- Xardín do nº 212 da avda. Rosalía de Castro
- Xardín da Selva da Cova dos Bois

ZONAS AMPLIADAS CON CESPÁ JARDINES

- Parque da UE-10 Fonte Leocadia
- Parterres axardinados da avda. República Argentina
- Xardíns da Escola Infantil As Galeras
- Xardíns da Escola Infantil A Pardela
- Campo da Festa do Carballo
- Zona verde da Casa do Pobo de Dorneda
- Zona verde do Miradoiro de Liás
- Parque do Seixal



Así mesmo, o Concello resérvase o mantemento de 51.000 metros cadrados de espazos verdes que levarán a cabo os operarios municipais. Esta superficie aumentará progresivamente no próximo ano, pois tense prevista a recepción de 24.000 metros cadrados de novas zonas verdes públicas, actualmente na fase de execución.

O CONCELLO REMODELARÁ DE FORMA INTEGRAL O PARQUE JOSÉ MARTÍ ▼



◆ O Concello vai realizar varios traballos de mellora no parque José Martí, en Santa Cristina. Esta zona verde, un dos espazos con máis encanto do municipio, vai experimentar unha remodelación integral que pretende corrir o desgaste producido polo paso do tempo nas súas instalacións, xa que se trata dun dos parques do municipio con máis anos de antigüidade.

O proxecto do Concello prevé unha profunda mellora integral do parque que afecta desde o pavimento de granito, levantado polas raíces das árbores, ata a recuperación do estanque, pasando pola renovación do peche exterior na zona pegada á ría, a substitución da iluminación por outra de maior potencia lumínica e a mellora do parque infantil colocando pavimento de caucho e un novo mobiliario. Ademais vanse renovar os bancos de cerámica, os xogos de xadrez e oca e o resto do mobiliario urbano. Tamén se reporán as vigas das pérgolas deterioradas polo paso do tempo e pintarase o peche perimetral e os demais elementos do parque. Por último, levaranse a cabo os traballos de xardinería nos que se reporán as plantas, os arbustos e varias árbores en todas as zonas. O orzamento total para executar esta reforma integral do parque de Santa Cristina é de 210.708 euros. Os traballos que se realizarán en Santa Cristina transformarán por completo o aspecto desta fermosa zona verde.

▼ AS MELLORAS

- Reparación do pavimento de granito
- Renovación do banco de cerámica
- Recuperación do estanque
- Reposición dos xogos de xadrez e oca
- Substitución da iluminación
- Mellora do parque infantil
- Renovación do peche exterior do parque contra á ría
- Reposición das vigas das pérgolas
- Reposición de plantas, arbustos e árbores en todas as zonas
- Reposición de mobiliario urbano
- Pintado do peche exterior


A ILUMINACIÓN DO PASEO DE SANTA CRISTINA VAI SER RENOVADA

◆ O Goberno local inicia a renovación da iluminación pública do paseo de Santa Cristina. Estes traballos, que dotarán a zona dunha mellor iluminación nocturna, inclúen a substitución dos globos de todo o paseo marítimo no tramo entre a Fábrica e a praia cara á baía. O proxecto prevé a instalación de globos de baixa conta-

minación lumínica e maior eficiencia enerxética, similares aos que se instalaron o pasado outono no paseo de Santa Cruz. Tamén se van realizar melloras na avenida de Santa Cristina. O orzamento total para executar as obras de mellora da iluminación pública nesta localidade ascenden a 80.000 euros.

Ademais o Concello renova as luminarias na avenida Emilia Pardo Bazán, entre Abeleiras de Abaixo e Abeleiras de Arriba, para eliminar os postes do tendido eléctrico unha vez que Unión Fenosa executou a canalización da rede eléctrica neste tramo. Tamén se mellorará a iluminación noutros tramos na zona de Xaz.

O GOBERNO LOCAL INSTALA UN SISTEMA QUE PERMITE FILTRAR AS AUGAS PLUVIAIS QUE CHEGAN Á RÍA ▼



◆ O Concello vai instalar un sistema que permitirá que as augas pluviais que se recollen nas rúas de Santa Cristina cheguen libres de sedimentos á ría do Burgo. Esta iniciativa dinamiza a campaña de conservación da ría do Burgo que o Goberno local leva a cabo desde hai máis de vinte anos. A xestión municipal non só garante que na actualidade os vertidos de augas fecais sexan cero, se non que promove que a auga da choiva que chegue ao mar tamén estea limpa.

A auga da choiva que se recolle nas rúas vai acompañada de pequenos sedimentos e nalgúns casos de lixo, polo que é preciso instalar un equipo de limpeza automático para evitar que os sedimentos taponen a saída e fagan sucos na area. Para evitar o posible taponamento e evitar os sucos, o Concello de Oleiros vai instalar unha reixa de desbaste automática que conta cun sistema de recollida do lixo e que posibilita que a filtración das augas á terra sexa efectiva e totalmente limpa.

EDITORIAL

● DEREITOS E DEBERES

◆ A sociedade actual, por fortuna, dispón dun apoio constitucional como instrumento de partida que recolle ben os dereitos e deberes de todos os cidadáns co obxectivo de harmonizar a súa convivencia. As administracións municipais, por seren a instancia pública máis próxima, son os interlocutores que interaccionan máis a miúdo coa cidadanía para que o acontecer e os comportamentos da vida cotiá contemplan o respecto ás normas constitucionais asumidas por todos.

Os concellos son o último extremo dun Estado que ten que garantir o acceso dos veciños a dereitos fundamentais como a educación, a asistencia médica e, ata onde os recursos o permitan, debe dotar de servizos e equipamentos, de xeito equilibrado no territorio, á comunidade, así como planificar e desenvolver políticas sociais, formativas, culturais e de apoio á xeración de emprego. A maioría dos veciños de Oleiros coñece e é esixente co cumprimento dese corpus de dereitos e tamén cos deberes que, en paralelo, teñen contraído coa comunidade á que pertencen. Forman a columna vertebral dun pobo sempre co lexítimo desexo de ver como a súa calidade de vida aumenta de xeración en xeración.

Mais o noso Concello, aínda que en minoría, alberga tamén un sector de veciños que, nalgúns casos por

falta de información ou ben por entender que os seus dereitos non teñen límites, esixen o que non lles corresponde e levan actos contrarios á convivencia cidadá obviando as normas que rexen a vida municipal.

Pensando neles e tamén en preservar o patrimonio colectivo e a estabilidade dunha convivencia proveitosa, o Goberno municipal ten o deber de actuar continuamente. Primeiro, dando a información precisa a ese sector minoritario co ánimo de que se sumen á maioría de oleirenses no respecto aos espazos públicos, na tenencia de animais de compañía, no cumprimento das ordenanzas que rexen a propiedade e a relación de veciñanza, a saúde pública, a seguridade nas vías de comunicación e, en definitiva, no uso correcto dos servizos municipais. En última instancia e cando sexa preciso, o Goberno municipal dispón dos instrumentos legais precisos para facer que a lei se cumpra en beneficio de todos.

A paz e o benestar social é imprescindible para acadar a felicidade do conxunto dos nosos veciños. Para iso, cumpre ser tan esixente na demanda dos dereitos, como no cumprimento dos deberes. A Administración municipal, a máis próxima aos cidadáns, vela porque sexa así e precisa da colaboración de todos nesta empresa.

SEGUIMOS A CONSERVAR O MUNICIPIO





Alternativa dos Veciños

A DEMAGOXIA FRONTE Á CRISE

O Goberno de Alternativa dos Veciños está desenvolvendo unha serie de medidas que pretenden minimizar os efectos da crise económica nas familias oleirenses. Unha das iniciativas postas en marcha foi a de rebaixar nun 95% as taxas municipais polo desenvolvemento de actividades culturais, deportivas e educativas para os fillos dos parados de Oleiros. Dese modo, non se permitirá que ningún neno vexa truncado o seu desenvolvemento educativo e o seu futuro pola actual situación económica que sofren os seus pais.

Con esta medida reafirmámonos na nosa convicción de que o compromiso social que caracteriza a política de esquerdas desenvolvida por este Goberno ao longo dos últimos anos é, nestes momentos, máis necesario que

nunca. E que o único camiño para superar a actual situación pasa pola igualdade e a cohesión social. Unha igualdade palpable que permita aos máis desfavorecidos gozar duns servizos públicos de calidade. Unha igualdade real que se fai efectiva a través destas axudas que van permitir que o custo das escolas municipais de Música e Danza se reduza en máis de 60 euros mensuais para os fillos dos desempregados. Unha igualdade que vai facer posible que o fútbol ou a natación continúen estando ao alcance de todos.

Orgullosos do noso compromiso coa sociedade, contemplamos perplexos o lamentable espectáculo protagonizado por algúns partidos da oposición. A demagogia de quen critica coa única intención de sacar algún beneficio elec-

toral continúa sen deixar de sorprendernos a pesar de que sexa unha práctica cotiá na política oleirensa. O boicot foi a única resposta ante as nosas propostas. Boicot ao proxecto de construír un auditorio en Oleiros que permitise consolidar e ampliar o noso proxecto educativo de danza e música. Boicot á idea de converter as 40 prazas para estudar solfo en 400. Boicot ao progreso. E agora, o PSOE de Oleiros solicita que se amplíen a máis veciños as recentemente instauradas axudas aos fillos de parados. Como é posible tanto descaro e tanta falta de seriedade. Acaso desde que comezou a crise e ata que o Goberno bipartito abandonou a Xunta, os socialistas de Oleiros solicitaron á Consellería de Educación que implantase unha medida similar á nosa? Que lexítima a criticar que se axude os que

participan nas actividades organizadas polo Concello?

Tras os actos e as críticas da agrupación socialista non hai nada máis que palabras baleiras. Unha oposición oca que se asemella á que realiza o grupo municipal do PP, con quen se alía en tantas ocasións para vetar as iniciativas municipais nos plenos e a quen non lles importa mentir e confundir os veciños se con iso poden conseguir beneficio.

Mentres a oposición en Oleiros continúa hipotecando o seu crédito co seu cínico discurso e coas súas campañas orquestradas, nós continuaremos traballando con seriedade para mellorar a calidade de vida dos veciños de Oleiros e continuaremos loitando sós por construír un concello mellor.

Partido Popular de Oleiros / Pablo Cobián, portavoz do PP de Oleiros



GRACIAS A LOS OLEIRENSES POR SU APOYO EL 1 DE MARZO

El Partido Popular de Oleiros quiere agradecer a los ciudadanos de este municipio el amplio respaldo obtenido por este partido en las elecciones autonómicas del pasado 1 de marzo, que contribuyó a la victoria por mayoría absoluta y la posibilidad de un nuevo gobierno encabezado por Alberto Núñez Feijoo. El Partido Popular obtuvo 8.102 votos, más que la suma del PSOE y el BNG, y logró una subida espectacular, con casi 2.000 apoyos más que en las autonómicas de 2005. Este gran número de votos supone un porcentaje del 46%, el segundo más alto de todos los grandes municipios de Galicia, sólo superado por Santiago.

El Partido Popular de Oleiros se siente

satisfecho y orgulloso de este resultado y sinceramente agradecido a los votantes y a quienes colaboraron con el partido en la campaña y en la jornada electoral. El PP cree que el resultado de las elecciones es trascendental para Galicia y, de una manera muy especial para Oleiros por la presencia de Pablo Cobián en el Parlamento como diputado. El portavoz municipal del PP no dudó en renunciar a su puesto en la Diputación para formar parte de la lista al Parlamento ocupando el puesto número 12 de una candidatura que hace cuatro años había obtenido 11 escaños.

El apoyo de los votantes de Oleiros y de la provincia de A Coruña ha permitido recuperar ese escaño y

lograr la mayoría.

Pero las elecciones autonómicas son historia y en el horizonte están ya las próximas municipales a celebrar dentro de dos años. Ése es el siguiente reto. Pablo Cobián trabajará desde su escaño en el Parlamento para lograr lo mejor para los oleirenses con la vista puesta en las elecciones de 2011, en las que el objetivo será la alcaldía de Oleiros.

El PP cree que en Oleiros se cierra un ciclo y quiere liderar una nueva etapa en la vida municipal que debe comenzar en 2011. Ese es el objetivo de un trabajo que ya ha comenzado y que tiene como objetivo abrir el partido más aún a todos los vecinos, invitar a colaborar a quienes lo deseen

y solicitar el apoyo a quienes crean que un cambio es necesario, también y muy especialmente a quienes antes no votaron al PP.

Estas elecciones no sólo han proporcionado al PP un excelente resultado, con más de 8.000 votos, sino que ha cambiado la percepción y la imagen que los vecinos tienen del partido. No hay rechazo. El PP genera confianza y los oleirenses le reconocen la honestidad y la coherencia demostrada en estos seis años de trabajo, a veces contra corriente y defendiendo posturas inicialmente no bien comprendidas pero en las que el tiempo acabó dando la razón. Ese es el bagaje del PP y también su compromiso cara al futuro.

Grupo Municipal Socialista / Covadonga Díaz Varela. Voceira do Grupo Municipal PSdeG.- PSOE. Concello de Oleiros



OS SOCIALISTAS SEGUIMOS A TRABALLAR POR OLEIROS CON RESPONSABILIDADE

O Partido Socialista sintese satisfeito por ter cumprido coa cidadanía ó alcanzar un dos obxectivos máis importantes marcados no seu programa electoral: conseguir a aprobación do Plan Xeral de Ordenación Urbana. As aportacións do Grupo Municipal Socialista foron fundamentais para mellorar o Plan. adecualo normativamente e correxir as deficiencias que motivaran a súa devolución pola Consellería de Ordenación do Territorio. O Plan Xeral é garantía dun desenvolvemento sostible do Concello e da mellora da calidade de vida dos veciños. Grazas as aportacións do Grupo Municipal Socialista no Plan recóllese:

- Unha importante oferta de vivenda protexida que alcanzará o 40% do total.

- Solo para novos equipamentos sociais educativos, culturais e deportivos que permitirán a construción de residencias para a terceira idade, escolas infantís para nenos de 0 a 3 anos, colexios, institutos, centros de saúde, polideportivas, campos de fútbol (Dorneda con 15000 m² para un novo campo, Marino de Mera con 20000, a cidade deportiva de Bastiagueiro...) e equipamentos culturais.

- Mais solo industrial que será fonte de riqueza e emprego para o noso Concello.

- Novas vías de circunvalación os principias

núcleos de poboación que facilitarán a mobilidade evitando os continuos colapsos circulatorios que padecemos.

- Novos espazos para disfrute de tódolos cidadáns que mellorarán a calidade urbana.

O mesmo tempo a xestión urbanística proporcionará emprego e ingresos que, neste contexto mundial de crise económica, permitirán novas inversións en equipamentos públicos que incidirán na calidade de vida dos veciños.

O Grupo Municipal socialista traballou dura e constructivamente durante máis de ano e medio de negociación, con propostas en

positivo, para alcanzar os principais acordos que melloraron e fixeron posible a aprobación do Plan.

O Partido Popular opúxose frontalmente e segue insistindo en que intentará paralizalo, dando mostras do seu escaso interese polo benestar dos cidadáns. Sen Plan en Oleiros non habería progreso porque non se xeraría emprego, veríanse considerablemente mercados os ingresos municipais e por tanto restrinxidos os servizos que se poden prestar ós veciños. Non todo vale en política, o interese dos cidadáns deben de estar sempre por riba dos intereses partidistas.



Bloque Nacionalista Galego / Fina Quintáns Antelo. Portavoz do BNG no Concello de Oleiros.

O BNG EXIXIRÁ O CUMPRIMENTO DOS COMPROMISOS CON OLEIROS

Cun novo goberno na Xunta de Galiza Oleiros non debe prescindir dos compromisos contraídos co anterior goberno. As 600 vivendas do Plan Sectorial, o Centro de Día, as dúas galesco-

las, o apoio ás redeiras de Lorbé, os prazos da Vía Ártabra, os locais de ensaio, o Plan Xeral, o saneamento da ría, a mellora do rural e as Unidades de Xestión Forestal, alén de diversos com-

promisos contraídos entre o goberno local e o anterior goberno da Xunta, deben manterse. No BNG exixiremos o cumprimento dos compromisos adquiridos coa Xunta de Galiza, independen-

temente de quen estea no goberno, e faremos unha especial vixilancia do labor do portavoz do PP a respecto do noso concello. Os compromisos con Oleiros deben manterse.

OLEIROS CONTARÁ CON DÚAS NOVAS LIÑAS DE TRANSPORTE

Ademais o Concello logra que se mellore a frecuencia no horario do servizo actual

◆ O pasado día 11 de febreiro, a Xunta de Galicia e concellos da área metropolitana asinaron un protocolo de actuación onde todas as partes intervinientes se comprometen a asinar un novo convenio que permita mellorar o transporte público de viaxeiros.

O Concello de Oleiros, parte integrante nesta sinatura, leva máis de 20 anos loitando para poder ofrecer aos seus veciños un transporte máis axeitado á realidade actual. De feito, no ano 2005 asinou o anterior convenio mediante o que ademais da redución das tarifas utilizando a tarxeta moedeiro, implantouse unha liña de transporte de interese municipal, financiada integramente polo Concello, que vén a dar servizo

a lugares e parroquias que carecían del na súa totalidade ou en gran parte.

Non quedou aí a loita do goberno municipal en seguir a mellorar as condicións deste servizo, mantivéronse reunións constantes coa Dirección Xeral de Transportes para crear novas liñas e reforzar aquelas que foron quedando deficitarias ao longo do tempo, debido ao incremento de poboación nalgúns núcleos do termo municipal. Deste xeito, solicitamos reforzar a liña que desde A Coruña dá servizo a Perillo, Montrove e Oleiros que ata o de agora ten unha frecuencia dunha viaxe cada hora, tratando de dar servizo cada media hora, así como crear unha nova liña que desde a cidade teña un percorrido pola N-VI (avda. das Mariñas), dando servizo a Perillo,

Nós e Oleiros. Esta liña terá tamén unha frecuencia dunha viaxe cada media hora. Estas dúas liñas terán como remate do percorrido o polígono comercial de Iñás.

Ademais, preténdese incrementar o servizo da liña municipal aos sábados pola mañá, para facilitar o desprazamento das persoas que nese día queiran achegarse ás zonas comerciais do noso Concello.


O Goberno do Concello de Oleiros non se vai cansar de reclamar estas melloras que redundarán en beneficio de todos, dedicando esforzos humanos e económicos para que así sexa. No ano 2009 contéplase unha partida no orzamento de ao redor dos 180.000 euros para implantar as medidas mencionadas anteriormente.

TARIFA ÚNICA

No novo convenio, contéplase tamén a tarifa única e o servizo gratuito de transbordos, que xa funciona en Oleiros desde o ano 2005, mais neste caso con todas as empresas que operen no territorio da mancomunidade.

Hai que lembrar que estas vantaxes só se verán reflectidas naquelas persoas que aboan o servizo coa tarxeta do transporte metropolitano.

Mención especial merece esta tarxeta. Ata o de agora está a funcionar unha que non é compatible cos autobuses urbanos da cidade da Coruña, mais a Xunta de Galicia ten intención de poñer en funcionamento, de xeito inmediato, unha nova tarxeta (sen contacto) que poderá ser utilizada nos autobuses interurbanos e nos urbanos. A Xunta fará chegar a cada persoa que teña a anterior tarxeta a nova, de xeito gratuito.



- ■ Liña: Coruña-Montrove-Oleiros-Iñás
- ■ Liña: Coruña-S. Pedro-Oleiros-Iñás

O NOVO PLAN XERAL

■ *O progreso ordenado do municipio queda garantido coa aprobación deste terceiro plan xeral que é unha continuación da política urbanística e medioambiental desenvolta polo Goberno local*

◆ A aprobación definitiva do terceiro Plan xeral de ordenación municipal de Oleiros, cuxa longa tramitación se extralimitou no tempo seis anos, xa é unha realidade. A pesar das cambadelas políticas, os diversos intereses dos grupos de presión e a excesiva burocracia, este plan xeral vén consolidar unha política urbanística baseada no respecto ao medio ambiente e á creación de espazos dotacionais, equipamentos e infraestruturas destinadas a apuntalar a calidade de vida dos cidadáns oleirenses.

Un urbanismo que, desde a aprobación do primeiro Plan xeral de 1984, vén apostando por amplos espazos residenciais sen aglomeracións, con fortes limitacións na edificación en altura e unhas infraestruturas e servizos de alta calidade. Un urbanismo fortemente respectuoso co contorno medioambiental que rodea os distintos núcleos do noso municipio e que preservou firmemente os máis de 26 quilómetros que ten a costa oleirense,

posibilitando que a día de hoxe os veciños poidan gozar do uso público da maior parte da costa a través da creación de paseos e zonas de recreo na franxa do litoral.

Non fixo falta esperar a que as novas leis de Vivenda e Solo fagan preservar espazos para a situación de vivendas protexidas. A política desenvolvida desde o Concello de Oleiros co anterior PXOM posibilitou a creación de 492 vivendas de réxime protexido fomentadas polo Goberno local e destinadas na súa integridade a familias oleirenses, así como a creación por iniciativa privada doutras 648. Estas vivendas, tanto as de promoción pública como as privadas, están situadas e espalladas nas distintas urbanizacións que ao longo destes anos se edificaron no municipio. É dicir, unha política de integración de familias con menos recursos integradas en espazos de alta calidade de vida e non aloxadas en guetos como acontece noutros concellos de Galicia. O novo plan incrementará as posibilidades de vivendas de prezo taxado ao prever que o 40 % das que se edifiquen na maior parte das actuacións urbanísticas se reserve para este tipo de vivendas.

O Plan xeral prevé ademais diversos espazos de solo para crear infraestruturas públicas e privadas de carácter educativo, cultural e deportivo á marxe dos espazos que por lei se prevén para tales usos nas novas zonas urbanizadas. Entre os novos equipamentos prevese a edificación dun centro educativo de ensino que estará situado na parroquia de Nós ou en Dorneda, tamén se prevé a construción de escolas infantís en Mera, Dorneda, O Seixal e Oleiros. Así mesmo, cóntase con novas áreas destinadas a albergar equipamentos docentes que amplíen as infraestruturas do Inef de Bastiagueiro e tamén que complementen os espazos de investigación e conservación medioambiental nas inmediacións do pazo de Lóngora.

No que a infraestruturas de carácter deportivo se refire, o novo plan xeral, ademais de contar cos equipamentos esixidos pola lei na construción de novas urbanizacións, como son as pistas polideportivas, o Concello prevé a construción de dous novos campos de fútbol, un en Dorneda e outro en Mera. Así como a construción do campo de golf de Xaz, a creación dun porto deportivo en Lorbé e a adecuación do peirao de Mera para o seu uso.

O Goberno local tamén prevé crear novas infraestruturas destinadas a albergar actividades de carácter cultural. Neste sentido, englobase o proxecto dun novo auditorio. A necesidade inmediata dunha infraestrutura deste tipo, a pesar do boicot que sufriu

por parte de todos os grupos políticos da oposición co anterior Plan xeral, provocará que a corporación medite de novo este asunto para facer realidade un equipamento cultural que non só servirá para promover a cultura, se non que, dadas as singulares características de Oleiros, servirá para promover a economía local a través da celebración de feiras e congresos e outro tipo de eventos culturais, como concertos de música e obras de teatro.

O Goberno local aposta por un urbanismo con amplos espazos residenciais sen aglomeracións, con fortes limitacións na edificación en altura e cunhas infraestruturas e cuns servizos de alta calidade



As novas infraestruturas viarias previstas para Oleiros posibilitarán unha mellor comunicación entre os distintos puntos do municipio e do seu contorno, xa que tamén se mellorarán as conexións coa rede comarcal. Unha parte destas melloras comezarán de inmediato: a vía Ártabra desde Lorbé ata a N-VI que contará con conexións coa autoestrada AP-9, coa autovía A-6 e coa Terceira Ronda; a ampliación da N-VI no tramo entre Iñás e O Seixal, que contará con dúas novas rotondas e un paso subterráneo á altura da urbanización O Pinar e na localidade do Carballo; a obra de ordenación e ampliación da intersección de Solymar, onde se soterrará

a N-VI e se eliminará a regulación por semáforos do tráfico que circula cara a Oleiros e Iñás e a obra da circunvalación de Oleiros. Ademais destas obras de inminente execución o PXOM prevé outras moitas vías que incrementarán a malla de estradas como as circunvalacións de Santa Cruz, Mera, Arillo ou os novos accesos ás distintas localidades entre a parroquia de Nós, Liáns e Oleiros. Tamén se prevé a construción dunha nova conexión coa autoestrada AP-9 desde a avenida Salvador Allende ata a antiga peaxe da Barcala.

A aprobación definitiva do terceiro Plan xeral de


Oleiros fíxose efectiva o pasado 17 de abril coa publicación do texto por parte da Consellería de Política Territorial. A partir desa data, a forma de emendar algún posible erro do documento que poida prexudicar algún veciño é presentar un recurso contencioso administrativo. O Goberno local espera e desexa que a calidade de vida e o progreso que proporcionaron os dous primeiros plans xerais sexan superados por este novo PXOM, cuxa aprobación converteuse nun duro e difícil camiño anegado de obstáculos e mentiras impostas por aqueles políticos, que lonxe de perseguir o progreso do municipio, poñen impedimentos para o desenvolvemento ordenado.

A PEGADA SONORA

PEGADAS SONORAS: 2004 e 2009

Pegada sonora 2009

Pegada sonora 2004



◆ A aprobación definitiva do Plan xeral deixa en suspenso unha ampla zona territorial do concello que afecta a 2,5 millóns de metros cadrados, situados, case na súa totalidade, na parroquia de Liáns e especialmente, nos núcleos urbanos máis importantes desta: Santa Cruz e Montrove. A pretensión da Dirección Xeral de Aviación Civil do Ministerio de Fomento de querer impoñer limitacións ás construcións existentes, de impedir futuras urbanizacións e de prohibir o desenvolvemento dos solos urbanos non consolidados desta zona baséase nunha futurible ampliación do aeroporto de Alvedro e da súa pegada sonora. Esta previsión de Aviación Civil contradíse co Estudo do impacto medioambiental do proxecto de ampliación do aeródromo que nestes momentos se atopa en fase de exposición pública.

A resolución do Ministerio, totalmente arbitraria e desproporcionada, non só afectaría a posibles desenvolvementos urbanos nesta zona do municipio, senón que tamén afectaría ás edificacións existentes debido á contaminación acústica que provoca o tránsito de aeronaves de maior tamaño e o uso do aeroporto durante as 24 horas do día.

O Goberno local de Oleiros considera que no caso de que se fixesen efectivas as prohibicións de Aviación Civil que limitan a construción nos soares, esta veríase obrigada a indemnizar os seus propietarios. Así mesmo, tería que sufragar os gastos derivados dos traballos de illamento acústico que se realizarían nas edificacións existentes.

O pasado 14 de abril foi exposto ao público o Estudo do impacto medioambiental do proxecto de ampliación do aeroporto de Alvedro que o Concello recubriu de igual modo que centos de veciños do municipio. Na actualidade, estase a preparar a documentación para solicitar a suspensión da franxa da pegada sonora que hipotecaría o futuro de centos de familias oleirenses, de non ser modificada.

O GOBERNO LOCAL SUBVENCIONARÁ AS ACTIVIDADES MUNICIPAIS AOS FILLOS DOS OLEIRENSES EN PARO ▼

◆ Ante a crise que está afectando a tantas familias, o Goberno local de Alternativa dos Veciños propuxo ao Pleno municipal a rebaixa dun 95% das taxas pola prestación de servizos culturais, sociais e educativos a todas aquelas familias nas que ambos cónxuxes se atopen en paro. As persoas afectadas poderán beneficiarse desta medida durante o tempo que dure o seu período de desemprego e os seus fillos poderán continuar

asistindo ás actividades municipais de forma case gratuíta. Así mesmo, estarán exentas do pagamento destas taxas as familias numerosas especiais, mentres que as familias numerosas de carácter ordinario poderán beneficiarse dunha redución do 50% nos seus recibos. Esta norma non se aplicará a aquelas familias que a pesar de encontrarse en paro dispoñan doutro tipo de recursos económicos.

O CONCELLO BONIFICA OS VECIÑOS QUE DOMICILIEN O COBRO DOS IMPOSTOS MUNICIPAIS ▶

■ Esta e outras medidas fan que o Concello de Oleiros sexa o único de Galicia que ofrece este tipo de vantaxes aos seus veciños.

◆ Desde hai moitos anos, o Concello de Oleiros xestiona directamente os seus impostos e aproveitando a modificación das distintas ordenanzas fiscais, quixemos incluír unha serie de vantaxes que poida facilitar á cidadanía as xestións de pagamento dos seus recibos e tamén beneficios económicos nos importes que teñen que aboar.

Establécense bonificacións no pagamento, pola domiciliación bancaria, dos recibos de IBI (imposto de bens inmobles), IAE (imposto de actividades económicas) e IVTM (imposto de vehículos de tracción mecánica); deste xeito, no ano 2009 aplicarase un 4%, no ano 2010 un 3% e no 2011 un 2% de bonificación que tamén afectará nas mesmas condicións ás persoas que xa tivesen os seus recibos domiciliados con anterioridade.

Ademais destas bonificacións, neste exercicio redúcese nun punto o tipo impositivo do imposto de bens inmobles urbanos (IBIU), pasando do 0,56 ao 0,55%.

Noutra orde de ofrecer beneficios fiscais que poidan favorecer no eido social e económico a nosa poboación, o Goberno do Concello de Oleiros

segue apostando polo fomento do emprego dos nosos veciños, deste xeito establécense unha bonificación do 50% no imposto de actividades económicas (IAE), para aquelas empresas deste concello que contén no seu cadro de persoal con máis do 10% de traballadores oleirenses con contrato fixo e para as que non cheguen a esta porcentaxe a bonificación será do 25%.

Tamén as entidades deportivas, sen ánimo de lucro, que estean incluídas no Rexistro Municipal de Entidades se verán afectadas polas bonificacións no pagamento de taxas municipais xa que terán unha bonificación do 100% do importe da taxa pola utilización das instalacións deportivas municipais, en horarios de adestramento.

Establécense ademais unha bonificación do 60% no imposto de instalacións, construción e obras (ICIO) para aquelas obras de reforma que teñan como finalidade favorecer o acceso dos discapacitados físicos.

Cabe mencionar por último a bonificación do 50% no imposto de vehículos de tracción mecánica (IVTM) para os vehículos híbridos ou eléctricos.

AFORRA COA DOMICILIACIÓN DOS TEUS RECIBOS

IVTM ▼

Para os vehículos cunha potencia fiscal entre 12,00 e 15,99 Hp, tramo no que están encadrados a maior parte dos vehículos:

Importe pagado no ANO 2008

86,33 €

Importe a pagar no ANO 2009

88,92 €

SE ESTÁ DOMICILIADO importe a pagar no 2009

85,36 €

Reducións ...

-0,97 € con respecto ao ano 2008
-3,56 € con respecto ao importe do 2009 sen domiciliar

IBIU ▼

Por cada 100 € pagados:

Importe pagado no ANO 2008

100,00 €

Importe a pagar no ANO 2009

100,18 €

SE ESTÁ DOMICILIADO importe a pagar no 2009

96,17 €

Reducións ...

+0,18 € con respecto ao ano 2008
-4,01 € con respecto ao importe do 2009 sen domiciliar

Dun xeito sinxelo para que se poida entender facilmente, agás os redondeos decimais correspondentes:

- Se no ano 2008 pagamos 200,00 €, no ano 2009 pagaremos 200,36 €, que se temos o recibo domiciliado serán 192,34 €.
- Se no ano 2008 pagamos 300,00 €, no ano 2009 pagaremos 300,54 €, que se temos o recibo domiciliado serán 288,51 €.
- Se no ano 2008 pagamos 400,00 €, no ano 2009 pagaremos 400,72 €, que se temos o recibo domiciliado serán 384,68 €.

E así sucesivamente... As reducións por domiciliacións, tamén son de aplicación ao IAE e ao IBIR.

SABÍAS QUE PAGAS MOITO MENOS EN OLEIROS POLO TEU COCHE QUE NOUTROS MUNICIPIOS DA COMARCA?

A CORUÑA

- De menos de 8 cabalos fiscais **22,50 €**
- De 8 ata 11,99 cabalos fiscais **60,80 €**
- De máis de 12 ata 15,99 cabalos fiscais **128,35 €**
- De máis de 16 ata 19,99 cabalos fiscais **159,85 €**
- De 20 cabalos fiscais en diante **199,80 €**

CULLEREDO

- De menos de 8 cabalos fiscais **21,64 €**
- De 8 ata 11,99 cabalos fiscais **58,44 €**
- De 12 ata 15,99 cabalos fiscais **123,37 €**
- De 16 ata 19,99 cabalos fiscais **153,67 €**
- De 20 cabalos fiscais en diante **192,07€**

CAMBRE

- De menos de 8 cabalos fiscais **20,97 €**
- De 8 ata 11,99 cabalos fiscais **56,64 €**
- De 12 ata 15,99 cabalos fiscais **119,56 €**
- De 16 ata 19,99 cabalos fiscais **148,93 €**
- De 20 cabalos fiscais en diante **186,14 €**

ARTEIXO

- De menos de 8 cabalos fiscais **19,34 €**
- De 8 ata 11,99 cabalos fiscais **52,23 €**
- De 12 ata 15,99 cabalos fiscais **110,25 €**
- De 16 ata 19,99 cabalos fiscais **137,33 €**
- De 20 cabalos fiscais en diante **171,64 €**

BETANZOS

- De menos de 8 cabalos fiscais **18,08 €**
- De 8 ata 11,99 cabalos fiscais **48,42 €**
- De 12 ata 15,99 cabalos fiscais **102,24 €**
- De 16 ata 19,99 cabalos fiscais **138,95 €**
- De 20 cabalos fiscais en diante **175,77 €**


SADA

- De menos de 8 cabalos fiscais **17,35 €**
- De 8 ata 11,99 cabalos fiscais **46,86 €**
- De 12 ata 15,99 cabalos fiscais **98,92 €**
- De 16 ata 19,99 cabalos fiscais **123,21 €**
- De 20 cabalos fiscais en diante **154 €**

OLEIROS

- De menos de 8 cabalos fiscais **15,60 €**
- De 8 ata 11,99 cabalos fiscais **42,12 €**
- De 12 ata 15,99 cabalos fiscais **88,92 €**
- De 16 ata 19,99 cabalos fiscais **110,76 €**
- De 20 cabalos fiscais en adiante **193,98 €**

Gráfica comparativa do Imposto de vehículos de tracción mecánica (IVTM)



IVTM

- Menos de 8 cabalos fiscais
- de 8 ata 11,99 cabalos fiscais
- de 12 ata 15,99 cabalos fiscais
- de 16 ata 19,99 cabalos fiscais
- de 20 cabalos fiscais en diante

Tarifas segundo as páxinas web municipais de cada concello.

Lamentablemente vimos aguantando os malintencionados comentarios e a difamación de que en Oleiros se pagan máis impostos que noutros municipios do seu contorno. Só os impostos dos coches de máis cilindrada están equiparados ao resto dos municipios. O que si facemos en Oleiros é obrigar ao pagamento das taxas e dos impostos a todo o mundo, en relación ao seu patrimonio e non só a uns poucos, como por desgraza sucede nalgúns lugares de Galicia.



A ELIMINACIÓN DO CONTRATO DE OBRA DO AUDITORIO DE BASTIAGUEIRO CUSTARALLE 196.060 EUROS AOS VECIÑOS DE OLEIROS ▼

◆ A liquidación do contrato de execución da obra do auditorio custaralle ás arcas municipais 196.060 euros. No ano 2005, sacouse a concurso a construción desta importante infraestrutura municipal, neste concurso participaron 12 empresas, que presentaron as súas correspondentes maquetas e proxectos, entre as que foi elixida a unión temporal de empresas formada por Espina Obras Hidráulicas, S.A. e Mouzo e Souto SL. Na elección do proxecto gañador participaron diversas entidades municipais. Posteriormente, o Goberno local, coa maioría cualificada polas leis, acordou a adxudicación desta obra á UTE sinalada. O financiamento deste proxecto sufragarase cos ingresos provenientes da venda de solo urbano xestionado e obtido a través do desenvolvemento de plans parciais urbanísticos, cuxos promotores estaban por lei obrigados a entregar o 10% das urbanizacións desenvolvidas mediante estes plans. Con posterioridade e despois das eleccións municipais de 2007, os tres

grupos da oposición (PP, PSOE e BNG) boicotearon e impediron ata a súa eliminación o contrato estipulado no seu día coa empresa adxudicataria das obras deste auditorio.

Esta actuación dos grupos da oposición, ademais de impedir a construción deste edificio, outorgou á empresa adxudicataria a posibilidade e o dereito de ser indemnizada pola resolución do contrato. Despois de varias reunións entre o Goberno local e os representantes desta empresa, que pretendan percibir unha indemnización de 508.518 euros, chegouse a un acordo coa empresa á que finalmente hai que indemnizar coa cantidade de 196.060 euros.

É dicir, que ademais de non ter auditorio, o Concello debe, inexplicablemente, esta contía de diñeiro pola actitude obstrucionista e boicoteadora dos partidos da oposición sen que esta actitude supoña ningún proveito nin beneficio para o Concello e os seus veciños.

**As pintadas,
os destrozos no mobiliario,
a degradación da paisaxe,
as agresións ambientais...**

**SON RESPONSABILIDADE
DUNS POUÇOS**



**Os parques, as prazas,
as rúas, as praias,
o concello...**

É PATRIMONIO DE TODOS

O CONCELLO LOITA CONTRA O DESEMPREGO

■ O Concello de Oleiros, a través do Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo, está a poñer en marcha unha serie de medidas que teñen por obxectivo combater o desemprego e captar ofertas de traballo para as persoas inscritas na base de datos municipal de demandantes de emprego. De forma paralela, no centro lévanse a cabo cursos formativos e outro tipo de iniciativas encamiñadas a axudar as persoas demandantes de emprego.



◆ No último ano o Centro Municipal de Formación captou 766 ofertas de traballo. Na actualidade, o Isaac Díaz Pardo conta cuns 11000 candidatos, que se inscribiron na base de datos a través dunha entrevista cunha orientadora laboral á que informan sobre a súa formación, experiencia laboral e as súas actitudes e aptitudes cara ao traballo. Deste xeito, defínese o perfil do traballador, os seus intereses e a súa dispoñibilidade. O servizo de ofertas é de intermediación laboral, voluntario e de balde. Ademais realiza unha xestión das ofertas de emprego de xeito personalizado, co fin de remitir os datos dos candidatos que efectivamente axusten o seu perfil ao delimitado e ao solicitado pola empresa.



Novos cursos formativos

O Concello de Oleiros presentou a solicitude de cursos de Formación Profesional Ocupacional que se impartirán este ano no Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo. Prevese que os módulos comecen a impartirse a mediados deste mes ou principios de maio. Estes cursos están dirixidos a demandantes de emprego inscritos no Servizo Público de Emprego. Todas as persoas que estean interesadas en participar nalgún destes cursos poden poñerse en contacto co Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo, sito no número 24 da rúa dos Regos, visitando as oficinas ou ben, chamando por teléfono aos números **981 610 319** ou **981 631 706**.

CURSOS SOLICITADOS

Nº DE CURSOS SOLICITADOS	ESPECIALIDADE	Nº HORAS
1	* ALBANEL (U.C. 9118, 9119 e 9121)	860
1	CARPINTEIRO	820
1	COCIÑA	835
1	ESCAIOLISTA	940
1	FONTANEIRO	790
2	INFORMÁTICA DE USUARIO	225
2	PASTELEIRO	490
1	PINTOR	660

O CONCELLO CREA MÁIS DE 70 NOVOS POSTOS DE TRABALLO

O Goberno local está a crear emprego en plena crise. Máis de 70 traballadores incorporaranse ao Concello ao longo dos próximos días. A inminente chegada do período estival e o aumento dos servizos prestados aos veciños son os principais motivos do incremento do cadro de persoal. Un total de 40 socorristas e tres sanitarios encargaranse da seguridade nas zonas de baño. Ademais, o Concello está a contratar seis auxiliares de Policía e dous de Protección Civil. Xunto con estes traballadores, comezarán a súa actividade no Concello seis operarios encargados da limpeza e a conservación das praias e outros trece que desenvolverán servizos diversos.

Por outra banda, vanse contratar dous novos carpinteiros, dous auxiliares administrativos, un administrativo para o departamento de informática e un delineante. Ademais, co obxectivo de seguir creando emprego e axudando a conseguilo, o Goberno local creou unha nova praza para un técnico de inserción laboral e outra para un axente de emprego e desenvolvemento local.

OS NOVOS TRABALLADORES

- 40 socorristas
- 3 sanitarios
- 6 auxiliares de Policía
- 2 auxiliares de Protección C.

- 6 operarios de praias
- 13 operarios de servizos diversos
- 2 carpinteiros
- 2 auxiliares administrativos

- 1 administrativo
- 1 delineante
- 1 técnico de inserción laboral
- 1 axente de emprego e desenvolvemento local

OLEIROS COA CULTURA ▼

REVELA VOLVERÁ ÁS RÚAS ESTE VERÁN ▼

◆ Un ano máis, chega a exposición Revela ao Concello e Santa Cruz, Perillo e Mera encherán as súas rúas de denuncia social a través da fotografía.

Esta iniciativa que conta con obradoiros e conferencias céntrase cada ano nun tema de denuncia e esta IV edición versará sobre o papel da muller nas zonas golpeadas polos conflitos bélicos.

Como cada actividade que organiza o Concello, esta exposición tamén ten espazo para dar entrada aos máis novos no foro Revela na escola.



1500 PERSOAS PARTICIPAN EN OCIOLEIROS ▼

◆ O Concello de Oleiros iniciou o 6 de febreiro o programa de actividades Ocioleiros dirixido a todos os veciños e todas as veciñas. Estas actividades que se estenderán ata o 24 de maio contan este ano coa participación de ao redor de 1500 persoas. A gran participación que se acadou cada ano fai que o goberno local desexe continuar con este programa que intenta renovar con novas actividades que contan con grande éxito entre os oleienses, como é o caso este ano de risoterapia e tapas e aperitivos que ten todas as prazas ocupadas. Para finalizar o curso celebrárase unha festa onde se sortearán 50 viaxes a un país estranxeiro entre os participantes que non faltasen máis de 3 veces á súa actividade. Os menores de 18 anos teñen como agasallo un destino dentro do noso país, onde se mesturan as visitas culturais co gozo da natureza e do deporte.

AS BIBLIOTECAS DE OLEIROS RECIBEN O PREMIO AO FOMENTO DA LECTURA DA IRMANDADE DO LIBRO

■ *Este galardón, o máis importante a nivel autonómico, é concedido pola Federación de Libreiros de Galicia*

◆ As bibliotecas municipais do Concello de Oleiros recibiron o premio ao Fomento á Lectura na gala dos Premios Irmandade do Libro, que organiza a Federación de Libreiros de Galicia. A XVIII gala destes galardóns, os máis importantes do ámbito autonómico, celebrouse na localidade ourensá de Carballiño. O premio foi unha figura alegórica de bronce, realizada polo artista lucense Ismael López Fernández e un cheque por importe de 2000 euros para a adquisición de libros en calquera das librarías da Agrupación de Libreiros.

A preocupación do Concello de Oleiros polas bibliotecas, a promoción da cultura e o fomento da lectura é unha constante. Na actualidade o municipio dispón de oito bibliotecas, con



máis de 120.000 libros e case de 12.000 materiais audiovisuais. Contan cuns 14.000 socios e socias, o que supón que o 44% dos seus habitantes son socios dalgunha das bibliotecas municipais.

As bibliotecas oleienses atópanse entre as máis galardoadas de Galicia. Este premio entregado pola Federación de Libreiros de Galicia súmase ao distintivo a nivel nacional que recibiu o Concello por parte do Ministerio de Cultura coa Mención Especial do Premio María Moliner na categoría de Animación á Lectura, entre os proxectos de 557 concellos de toda España dos que se fixo unha preselección de 350, dos que 12 recibiron unha mención especial.

AS BIBLIOTECAS MUNICIPAIS ENCHEN A PRIMAVERA DE ACTIVIDADES ▶

Como vén sendo habitual a Rede de Bibliotecas do Concello organiza diversas actividades de animación á lectura entre as que destacan a Hora do conto, as Tertulias literarias, o programa Ler para saber, o Conto viaxeiro e os obradoiros de ilustración.

A HORA DO CONTO

◆ Entre maio e xuño haberá 30 sesións de contacontos, onde os nenos e as nenas de 2 a 10 anos poderán gozar da narración ou dramatización dun ou varios contos, cos obxectivos de que se divirtan escoitando contos, facer novos lectores ou consolidarlles este hábito, que descubran a diversidade dos libros e o pracer pola lectura e que vivan o libro en colectividade xunto con outras nenas e nenos.

Todas as sesións desenvolveranse ás 18:30 h e o lugar e as datas son os seguintes:

- **Biblioteca Central Rialeada de Perillo**, serán os xoves, 7, 14, 21 e 28 de maio e o 4 de xuño.
- **Biblioteca Rosalía de Castro de Santa Cruz**, terán lugar os mércores, 6, 13, 20 e 27 de maio e o 3 de xuño.
- **Biblioteca Manuel María de Oleiros** realizaranse os martes, 5 e 19 de maio e o 2 de xuño.
- **Biblioteca M^a José Trincado de Mera** serán os venres, 8 e 22 de maio e 5 de xuño.
- **Biblioteca M^a José Ruso de Dorneda** terán lugar os luns, 4 e 18 de maio e 1 de xuño.
- **Biblioteca Federico García Lorca de Montrove** serán os martes, 12 e 26 de maio.
- **Biblioteca Ánxel Fole de Nós** realizaranse os venres, 15 e 29 de maio.
- **Biblioteca Xograr Mendiño de Lorbé** realizaranse os martes, 5 e 19 de maio.



LER PARA SABER: CHARLAS CIENTÍFICAS PARA ADOLESCENTES NA BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA

◆ Logo da boa acollida que tivo a edición anterior de Ler para saber, este ano realizamos unha nova programación.

Son charlas ou obradoiros sobre temas de divulgación científica, dirixidas a nenos e nenas (a partir de 10 anos de idade), adolescentes e público en xeral, que terán lugar na Biblioteca Central Rialeada, os venres, ás 18.30 horas.

- **8 de maio: Dende o mar á farmacia** / Isabel Nieto Prieto, doutora en farmacia
- **22 de maio: Curiosidades matemáticas** / Marisol Pérez Blanco, licenciada en matemáticas
- **29 de maio: O mundo vexetal** / Matilde Mondelo Alonso, bióloga e profesora da Facultade de Ciencias da Educación da Coruña
- **5 de xuño: Investigacións sobre a pesca** / Xaime Mejuto, doutor en bioloxía mariña
- **12 de xuño: Obradoiro de xogos matemáticos** / Manuel Pazos Crespo, mestre

CONTINUÁN AS TERTULIAS LITERARIAS E TALLERES DE LECTURA PARA ADULTOS

◆ Nesta actividade realízase o comentario de obras de distintos xéneros literarios, principalmente narrativa contemporánea, nun ambiente de familiaridade, procurando o lado formativo e, á vez, lúdico da lectura. O principal obxectivo é animar a ler lendo, gozar da literatura como un desenvolvemento da capacidade de creación e comunicación a través da lectura, de maneira que compartindo ideas, reflexionando sobre temas

diversos poidamos enriquecernos cos diferentes puntos de vista.

Na Biblioteca Central Rialeda, en Perillo, teñen lugar, quincenalmente, os **mércres, ás 18:00 horas,** con dous grupos, de 20 persoas cada un deles.

Na Biblioteca Municipal Manuel María de Oleiros son, tamén quincenalmente, os **luns, ás 18.30 horas.**



DEBUXA NA BIBLIOTECA

◆ Na Biblioteca Municipal Manuel María de Oleiros teñen lugar obradoiros de ilustración, para nenas e nenos, denominados "**Debuxa na biblioteca**", a cargo da ilustradora Marisa Irimia. **No mes de maio terán lugar os días 12 e 26 de maio, ás 18.30 horas.**

O CONTO VIAXEIRO

◆ É unha actividade dirixida a nenas e nenos de educación infantil, 1º e 2º de ensino primario dos centros públicos deste concello. Os obxectivos que se pretenden conseguir son: a creación (texto e ilustración) dun conto polos propios nenos e nenas; vivir a lectura, a escritura e a ilustración en común entre todo o alumnado dunha aula; fomentar a imaxinación e a creatividade desde as primeiras idades.

PRÉSTAMO DAS CASAS DO POBO E CENTROS CÍVICOS

◆ O Concello de Oleiros leva xa moitos anos poñendo a disposición dos veciños diversas instalacións municipais para que poidan organizar festas de aniversarios infantís e festas en familia.

Os lugares que se poñen a disposición son os seguintes: Casa do Pobo de Mera, Casa da Gardesa, Casa da Cultura de Perillo, Casa do Pobo de Iñás, Casa do Pobo de Nós, Local Social de Rialta e Casa do Pobo de Lorbé.

Para solicitar os ditos espazos haberá que cumprir unha serie de requisitos: as persoas que fagan a solicitude terán que ser maiores de idade, estar empadroadas no Concello de Oleiros, ser responsables da instalación, comprometerse a deixar todo recollido e limpo e respectar os horarios de cesión. Para máis información as persoas interesadas deberán dirixirse ao Departamento de Cultura do Concello.

PROGRAMACIÓN CULTURAL PARA MAIO E XUÑO

CINE DE PRIMAVERA

Auditorio C.C. A Fábrica, Perillo, ás 21 horas / Prezo: 3 € (Entradas á venda a partir das 20 h)

■ VICKY CRISTINA BARCELONA sábado 9 de maio

Dirección e guiño: Woody Allen

País: España e USA / **Ano:** 2008

Duración: 96 min / **Xénero:** comedia

Reperto: Javier Bardem, Patricia Clarkson, Penélope Cruz, Kevin Dunn, Rebecca Hall, Scarlett Johansson

Calificación: maiores de 13 anos

Sinopse: Dúas mozas americanas, Vicky e Cristina, chegan a Barcelona para pasar as vacacións de verán. Vicky é unha muller sensata e xa está prometida.

Cristina é aventureira no terreo emocional e sexual. Alí se verán envoltas nunha serie de enredos amorosos pouco convencionais con Juan Antonio, un carismático pintor.

Javier Bardem Penélope Cruz Scarlett Johansson



■ EL NIÑO CON EL PIJAMA DE RAYAS / sábado 23 de maio

Dirección: Mark Herman


País: Reino Unido e USA / **Ano:** 2008

Duración: 96 min / **Xénero:** drama

Reperto: Asa Butterfield, Vera Farmiga, David Thewlis, Jack Scanlon, Amber Beattie, Richard Johnson, Shelia Hancock, Rupert Friend, David Hayman, Jim Norton, Cara Horgan.

Calificación: maiores de 7 anos

Sinopse: Berlín, 1942. Bruno, de oito anos, é o fillo mimado dun oficial nazi. Ao ascender o seu pai, a familia vese obrigada a deixar Berlín e mudarse a unha zona illada onde o solitario rapaz non ten nada que facer. Atraído pola curiosidade, un día achégase a unha 'granxa' onde coñece a Samuel, un rapaz da súa idade que vive unha existencia paralela ao outro lado dunha aramada...



■ LOS GIRASOLES CIEGOS sábado 30 de maio

Dirección: José Luis Cuerda


País: España / **Ano:** 2008

Duración: 98 min / **Xénero:** drama

Reperto: Maribel Verdú, Javier Cámara, Raúl Arévalo, Roger Príncipe, Irene Escolar, Martín Rivas, José Ángel Egido

Calificación: maiores de 13 anos

Sinopse: Ourense, 1940. Cada vez que Elena pecha a porta de casa, bota a chave aos seus secretos. O seu marido, Ricardo, ameazado por unha cruel persecución ideolóxica, leva anos escondido no piso onde conviven cos seus fillos. Diversos acontecementos farán cambalear a fráxil realidade da familia.



EXPOSICIÓN NA CASA CHARRY



■ **Exposición colectiva de Pintura Cubana.** Proxecto "Hagal" (Habana-Galicia): do 6 ao 19 de maio.

■ **Exposición Irmáns Suárez Picallo** (con motivo da declaración por parte do Concello de Sada, do ano 2008 como "ano dos Irmáns Suárez Picallo"): do 3 ao 16 de xuño.

Oleiros celebra as Letras Galegas con hip hop e teatro

O sábado 16 de maio vai ter lugar un obradoiro de hip hop no Centro Cultural A Fábrica das 17:00 ás 20:00 h. O obradoiro voino impartir Serxio Regos "García", compoñente do Colectivo de Hip Hop Dios Ke Te Crew e ten como obxectivos principais promover o uso da lingua e potenciar a comunicación. Ademais, a compañía Talía Teatro representará o Día das Letras Galegas a obra Bicos con lingua no Centro Cultural A Fábrica, en Perillo. A comedia comezará ás 21h e ten unha duración de 50 min cheos de humor e reflexión sobre a lingua. A entrada será gratuita.

DE MARCHA CON ▼ «ANDARES POR GALICIA»



■ O programa municipal de sendeirismo pon ao alcance dos veciños as rutas máis atractivas do noroeste

◆ O programa de sendeirismo do Concello de Oleiros «Andares por Galicia» representa unha excelente alternativa de ocio para a fin de semana. Desde o mes de marzo e ata rematar o ano lévanse a cabo unha serie de rutas por distintos lugares de Galicia onde as persoas participantes poden coñecer espazos naturais de alto valor pola peculiaridade da súa fauna e da súa flora, ademais de gozar de paisaxes privilexiadas. A dificultade das marchas é media alta. As saídas teñen un día de duración e o seu prezo é de 11€ para empadroados e 14€ para os non empadroados. Trátase dunha actividade idónea para desenvolver tanto en solitario, como en familia ou cun grupo de amigos. As inscricións para cada ruta poden realizarse ao remate da anterior e confirmaranse co pagamento que se pode efectuar ata cunha semana de antelación. As saídas realízanse sempre á mesma hora e no mesmo lugar: na rotonda de Santa Cristina ás 9 horas. Se queres inscribirte contacta co Centro de Información Xuvenil A Fábrica, en Perillo, a través do teléfono **981 636 598**.

Algunhas recomendacións:

Ademais do estritamente necesario, os técnicos municipais recomentan completar o equipo expedicionario cunha serie de obxectos que poden optimizar o gozo da excursión. Unha cámara fotográfica para inmortalizar a marcha, así como uns prismáticos pequenos para gozar das paisaxes son dúas ferramentas útiles para o desenvolvemento desta actividade. Ademais, recoméndase levar un caderno de campo, moi valioso en determinadas actividades complementarias. Tamén é moi práctico contar cun bastón de sendeirismo, cun paraugas, con calzado e calcetíns de reposto e cunha cantimplora con auga. Por último dous consellos: non levar botas novas e cargar pouco peso.




PRÓXIMAS RUTAS:

- **sábado 9 de maio:** Altos do Fontardiñón
- **sábado 13 de xuño:** os Altos de Sanguineño
- **sábado 11 de xullo:** o Val do Mandeo
- **sábado 5 de setembro:** travesía do Monte Pindo
- **sábado 10 de outubro:** Tres bispos, nos Ancares
- **sábado 7 de novembro:** o Monte Aloia
- **sábado 12 de decembro:** ruta sorpresa

EQUIPO NECESARIO:

- Botas de sendeirismo ou similar
- Crema de protección solar e gorra
- Mochila pequena e cómoda
- Pantalón "longo" cómodo (moi importante)
- Comida e bebida para o xantar

O PAVILLÓN DE BASTIAGUEIRO ESTREA ROCÓDROMO



◆ O Concello instala un rocódromo no pavillón de Bastiagueiro. Esta nova infraestrutura deportiva ten unhas dimensións de 6 metros de altura por 6 de ancho e está dividido en dúas partes: unha placa (parte vertical) e unha parte derrubada, dando un total de superficie escalable de 46 m². O feito de que a montaxe deste rocódromo se realice por módulos permite futuras ampliacións tanto no ancho como na altura. Está fabricado sobre unha base de madeira de Okumen fenólico, á que se lle aplicou un tratamento con fibras e resinas de poliéster para darlle uns volumes semellantes aos que se poden atopar no medio natural. O acabado de superficie realizouse con áridos de Sílice, o que lle confire un tacto semellante ao da rocha natural. Ademais, dispón dun total de 400 agarradoiras de distintos tamaños, o que permite realizar innumerables vías de escalada de diferente dificultade.

Na actualidade, sobre todo son os centros de ensino de Oleiros os que están a utilizalo, xa que o Servizo Municipal de Deportes ten elaborado un Programa de Apoio á materia de Educación Física, onde se inclúen unidades didácticas de iniciación e aprendizaxe á escalada deportiva. Tamén dentro do programa municipal Ocioleiros, con moito éxito, estase a realizar dun xeito recreativo a actividade de escalada deportiva neste rocódromo. Ademais, por outra parte, son xa un grupo numeroso de escaladores federados pertencentes ao Club de Montaña Pico do Castro de Oleiros, os que utilizan o rocódromo para as súas sesións de adestramento.

CRISTO REI, CAMPIÓN GALEGO INFANTIL DE HÓCKEY SALA ▶

◆ O equipo de hóckey do colexio oleirense Cristo Rei proclamouse campión galego de hóckey sala na categoría infantil. Esta vitoria forxouse partido a partido, pero dunha forma contundente, xa que o equipo gañou todos os encontros disputados ao longo do campionato. O resultado máis avultado produciuse contra o Atlántico de Vigo, ao que logrou derrotar por quince tantos a cero. Mentres que a vitoria máis traballada se produciu contra o Athletic Coruña a quen venceron por un axustado tres a catro. Este gran equipo está formado por tres infantís de último ano, Jesús, Samuel e Guillermo; tres de primeiro ano, Adrián, Alberto e Daniel e ademais a escuadra complétase con dous novísimos alevíns, Rubén e Manuel.

Agora, o conxunto oleirense enfróntase ao reto de participar no sector nacional, que se celebrará en Santander. Alí enfrontaranse a dous equipos cántabros, un asturiano e ao campión canario. De superar con éxito estes catro partidos, os escolares clasificaranse para o Campionato de España que se celebrará en Madrid. Sorte rapaces!



O BREOGÁN OLEIROS FÓRXASE NO CAMPIONATO DE ESPAÑA DE TENIS DE MESA ▼



◆ O Club Breogán Oleiros retornou de Pontevedra, sede dos Campionatos de España de Tenis de Mesa en categoría infantil e xuvenil, cun bo sabor de boca. Os oleirenses presentaron un equipo por categoría, o que representa un éxito en si mesmo. A competición empezou cos infantís, que estiveron a piques de dar a sorpresa ante o Burgos, cabeza de serie, cos que cederon pola mínima. Por outro lado, en dobres masculinos, Anxo e David perderon na primeira eliminatoria. En individual masculino, David tamén cedeu na primeira rolda, mentres que Anxo de Pablo conseguiu pasar ata a final da previa, facendo un moi bo partido e un bo campionato, a pesar da derrota.

No apartado feminino, Andrea e Judith representaron ao Breogán Oleiros na categoría infantil. Parte dos encontros que non se puideron disputar por unha lesión de Andrea que obrigou a abandonar o campionato nesta modalidade.

En canto ao xuvenil, o equipo masculino formado por David González, Javier Canzobre e Óscar Doval enfrontouse a varios equipos entre eles, San Sebastián de los Reyes e Puertollano. Non conseguiron gañar ningún encontro, pero xogaron ben e gañaron moita experiencia. En individual masculino, Óscar Doval perdeu contra Víctor Parra de Murcia, o mesmo que eliminou a Javier Canzobre e que foi o campión da previa. En dobres masculinos, Javier Canzobre e Óscar Doval, perderon contra Iker Muguerza e Aritz Delgado do País Vasco. Pola súa banda, o equipo xuvenil feminino, composto por Andrea Valiño e Olaya Cea, fixo tamén moi bo papel. En individual feminino, Olaya Cea gañou a Beatriz Villota e logo perdeu contra a súa compañeira de dobres feminino Esther Donas. Andrea Valiño, doutra banda, cedía con María Ramírez de Castela e León. En dobres femininos, Olaya Cea e Esther Donas pasaron a primeira eliminatoria contra Ainhoa Antúnez e Sara Escota, de Aragón, gañando por tres a un. E cederon en oitavos de final por un apertadísimo dous a tres ante as campioas de España.

A pesar de todas as derrotas pódese considerar un grande éxito a participación do Breogán Oleiros neste campionato de España, que lles servirá de grande experiencia para próximas convocatorias.

Por outra banda, hai que destacar que as categorías benxamín, alevín e infantil participaron nun Torneo Amigable co Club Fártea de Santiago.

Teléfono do Veciño

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

981 610 000

Concello de Oleiros 981 610 000

Policia Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Mercado municipal	981 638 158
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 626 241
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Protección Civil	981 636 933

Centros municipais de actividades

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 614 784
Casa do Pobo de Mera	981 617 662
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Dexo-Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Casa do Pobo de Dorneda	981 614 326
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 155
Escola Municipal de Música	981 639 143

Centros educativos

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
El O Vilar / Nós	981 664 257
El A Pardela / Os Regos	981 631 788
El As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	981 638 903
IES Miraflores / Oleiros	981 631 615
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luis Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	981 636 754
CEIP A Rabadeira / Oleiros	981 610 023

Bibliotecas

Central Rialda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
María José Trincado / Mera	981 628 507
Dorneda	981 614 111
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
F. García Lorca / Montrove	981 639 515

Querida lúa

O ciclo da lúa

Medra	31 maio / 29 xuño / 28 xullo
Chea	7 xuño / 7 xullo / 6 agosto
Mingua	17 maio / 15 xuño / 15 xullo
Nova	24 maio / 22 xuño / 22 xullo

Transportes

En Oleiros TAXI a domicilio no
981 243 333

Horarios Cal Pita

1 > A Coruña > Fonteculler > O Burgo > San Pedro <	Laborables Ida 6:45 ■ 6:55 ■ 7:10 ■ 7:25 ■ 7:35 ■ 7:45 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Volta 7 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Sábados Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8-22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30' Dom+fest Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30'
2 > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros <	Laborables Ida 7:05 a 22:05 cada hora. Volta 7:35 a 22:35 cada hora Sábados Ida 8:05 a 22:05 cada hora. Volta 8:35 a 20:35 cada hora Dom+fest Ida 10:05 a 20:05 cada hora. Volta 10:35 a 20:35 cada hora
2a > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida 7:05. Volta 7:30 Sábados Ida 8:05 ■ 14:05. Volta 8:30 ■ 14:30 Dom+fest Ida 10:05 ■ 14:05. Volta 10:30 ■ 14:30
2b > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Pousada <	Laborables Ida 16:05. Volta 16:35 Sábados Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35 Dom+fest Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35
3 > A Coruña > Perillo > Nos > O Carballo > Oleiros > Sada <	Laborables Ida 6:55 a 20:55 cada hora ■ último ás 22. Volta 6:55 a 21:55 cada hora Sábados Ida 6:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 7:55 a 21:55 cada 2 horas Dom+fest Ida 8:55 ■ 10:55 ■ 13:05 ■ 14:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 9:55 a 21:55 cada 2 horas
4 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Sada <	Laborables Ida 6:25 a 21:25 cada hora. Volta 6:25 a 21:25 cada hora Sábados Ida 6:25 ■ 8:25 a 20:55 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:25 a 21:25 cada hora Dom+fest Ida 8:25 a 20:25 cada hora ■ Último ás 22. Volta 8:25 a 21:25 cada hora
6 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta <	Laborables Ida 6:50 ■ 7:10 ■ 13:05 ■ de 7:40 a 20:40 cada hora ■ De 8 a 12 cada hora ■ De 14 a 20 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:10 a 21:10 cada hora ■ De 7:30 a 19:30 cada hora ■ 20:50 ■ 22:30 Sábados Ida 8:50 ■ 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 9:10 a 21:10 cada hora Dom+fest Ida 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 10:10 a 21:10 cada hora
6a > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Oleiros 8 ■ a Soñeiro 20 Volta a Oleiros 8:40 ■ a Soñeiro 20:40
6b > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Franzomel > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Soñeiro 13:10. Volta de Soñeiro 13:50 Sábados Ida a Oleiros 11 ■ 21:10. Volta de Oleiros 11:30 ■ 21:45 Dom+fest Ida a Oleiros 10:20 e 13:10. Volta de Oleiros 10:45 ■ 13:35
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz <	Sábados+dom+fest Ida 10 a 21 cada hora Volta 10:30 a 21:30 cada hora
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cristina <	Luns a domingos Ida 10:20 a 20:20 cada hora Volta 10:50 a 20:50 cada hora



*Xa somos
33.804
veciños/as
censados/as!*

Ata o 30 de abril, o censo por parroquias é de:

DEXO (Santa María)	1.402
DORNEDA (San Martiño)	3.424
IÑÁS (San Xurxo)	1.230
LIÁNS (Santa Eulalia)	9.810
MAIANCA (San Cosme)	1.115
NÓS (San Pedro)	4.453
OLEIROS (Santa María)	2.941
PERILLO (Santa Leocadia)	7.845
SERANTES (San Xulián)	1.584
TOTAL	33.804

Farmacias de garda

	Datas
■ SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño, nº 1- A (Oleiros) ● Teléfono: 981 610 027	Do 12 ao 18 de xuño Do 31 de xullo ao 6 de agosto
■ MARTA VIGUERA MOSQUERA Mera-Rúa Miramar, nº 4 (Serantes) ● Teléfono: 981 617 937	Do 19 ao 25 de xuño Do 7 ao 13 de agosto
■ Mª TERESA MIGUÉLEZ FREIRE Avda. Rosalía de Castro, nº 247 (Perillo) ● Teléfono: 981 635 024	Do 8 ao 14 de maio Do 26 de xuño ao 2 de xullo
■ Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas, nº 247 (Nos) ● Teléfono: 981 663 890	Do 15 ao 21 de maio Do 3 ao 9 de xullo
■ CARMEN CASARIEGO TORRES Santa Cruz-Rúa Francisco Comesaña, nº 4-6 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 503	Do 22 ao 28 de maio Do 10 ao 16 de xullo
■ TERESA LEMA ESPASANDÍN Arillo-Avda. República Argentina, nº 95 (Dorneda) ● Teléfono: 981 648 440	Do 29 ao 31 de maio Do 1 ao 4 de xuño Do 17 ao 23 de xullo
■ MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Urbanización Os Regos-Isaac Díaz Pardo, nº 4 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 184	Do 5 ao 11 de xuño Do 24 ao 30 de xullo

OS NOVOS VIARIOS

CAPÍTULO II: ● Ampliación da N-VI

◆ A ampliación da N-VI que o Ministerio de Fomento levará a cabo ao seu paso por Oleiros mellorará sensiblemente o tráfico neste conflictivo punto da rede viaria do municipio. Os traballos permitirán que se mellore a seguridade viaria e que axilice tanto o tránsito de vehículos que circulan en sentido de entrada e saída da Coruña como o tráfico local. Así mesmo, dinamizará as comunicacións das parroquias da zona centro e sur do concello.

As obras realizaranse no tramo comprendido entre o Club de Tenis e a urbanización O Pinar, convertendo a antiga N-VI nunha moderna vía desdoblada. A obra inclúe a construción dun paso subterráneo á altura da rúa do Traballo e a rúa Lavandeiras e dunha rotonda á altura da urbanización O Pinar. Esta infraestrutura construírse con carácter provisional, xa que está previsto que nunha segunda fase de ampliación da N-VI, o trazado da vía sexa soterrado de forma que na superficie quede unha infraestrutura independente da N-VI que estará encargada de distribuír o tráfico local.

Os traballos comezarán no paso inferior que se atopa á altura do Club de Tenis. A uns escasos 40 metros deste punto, en dirección Madrid, a vía desdóbrase con dous carrís por sentido separados a través dunha mediana física. Ademais, a ambos os dous lados da estrada habilitaranse carrís de servizo, que igualmente estarán separados da vía por outra mediana, aumentando deste xeito a seguridade, reducindo a posibilidade de colisións e axilizando o tráfico local e o tránsito pola N-VI.

A nova vía desdoblada da N-VI continúa ata a altura da rúa Anido e das rúas Piñeiro Manso e Piñeiro Bravo, no acceso á urbanización O Pinar. Neste punto comeza un tramo de transición a dous carrís que chega ata a altura da rúa Manuel Murguía e da rúa O Pedregal, onde a obra enlaza co actual trazado da N-VI. O prazo de execución dos traballos é de 18 meses.

